



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE OITO DE MAIO DE DOUS MIL NOVE.

NÚM. 6/2009

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u>	
ALCALDE-PRESIDENTE D. José María García Rivera.	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do día vinte oito de maio de 2009, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
CONCELLEIROS D. Xaime Cancio Rodríguez. D ^a Ana A. Incera Ares. D ^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D. Ángel Cao Pérez. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D ^a . María Xosefa Alonso Otero.	
<u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.	
SECRETARIA D. M ^a Carmen Seoane Bouzas.	

1. – APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 11-05-2009.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 11 de maio de 2009 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria, e ao non producirse ningunha, queda aprobada por unanimidade a acta da citada sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- RESPONSA ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO “ANTEPROXECTO DE COLECTORES XERAIS E E.D.A.R. DE FORXÁN (FOZ-LUGO)”.

Pola Secretaria da Corporación se da conta do dictame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno, de data 21 de maio de 2009, en relación as respostas ás alegacións presentadas ao Anteproxecto colectores xerais e E.D.A.R. de Forxán.

O Sr. Alcalde explica que dende que se votou a favor do punto da orde do día na Comisión Informativa xurdiron novidades por parte de alguén que estaba na Comisión Informativa, pero que



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

non informou, se non que o fixo o sábado na prensa; polo tanto, o portavoz do PP debe explicar qué foi o que parou o proxecto baixo a súa responsabilidade e debe dicir con qué veciños foi a Santiago, se hai veciños de primeira e veciños de segunda, qué negocios fixo. Continúa dicindo que se o proxecto se para haberá novidades importantes que quere escoitar, polo tanto lle cede a palabra ao portavoz do PP.

O Sr. Cao toma a palabra para replicarlle ao Sr. Alcalde que el non é quen para preguntarlle con quen vai ou non vai a ningún sitio. Lle di que como Alcalde dun goberno en minoría ten a obriga ou a necesidade de dialogar, se non o que vai ter ao seu lado son oportunistas; o engano que leva facendo durante os últimos anos de goberno con inversións non feitas, con propostas que non se levan nunca a cabo, xa se cansaron. A un alcalde que teña o mínimo peso político nun grupo non lle toman o pelo como lle tomaron ao Sr. García, e incluso lle deixan en ridículo nalgúns ocasións.

O Sr. Alcalde interrompe ao portavoz do PP que se está a falar da depuradora, que aclare ao Pleno se foi con ese amigo seu.

O Sr. Cao lle insiste que el llo di a quen lle parece, que o Sr. Alcalde non é quen para preguntarlle. Continúa dicindo e, dirixíndose ao Presidente, lle di que cambiou a ubicación da depuradora respecto á que viña no PXOM.

O Sr. Alcalde interrompe ao Sr. Cao e lle pregunta se non quere dicir nada, que lle diga a verdade á xente.

O Sr. Cao lle contesta que é un ditador, que el é libre de ir con quen lle apeteza, e engade que non era a primeira viaxe que ía facer a Santiago, se non que vai facer máis para enterarse das mentiras que estivo contando os últimos anos o Sr. Alcalde.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicirlle ao portavoz do PP que está moi alterado e nervioso. Todo o que hai da depuradora está no anteprojecto, e o equipo de goberno estivo de acordo e segue estando de acordo. A continuación cédelle a palabra ao portavoz do BNG.

O Sr. Basanta di que estanse dicindo cousas que si lles preocupa, se está falando de enganos, o PP debería dicir a qué se está referindo.

O Sr. Cao di que houbo negociacións relativas ao orzamento, pero eran públicas e non se chegou a ningún acordo, ou nas obras do Estado; ao igual que houbo negociacións co BNG, nada oculto, todo público.

Prosegue explicando o Sr. Basanta que o seu grupo fixo alegacións e que non se lles contestou co debido fundamento a esas alegacións; en canto a alegación de unha análise máis detallada sobre a idoneidade da localización proposta das instalacións non se contemplaron outras alternativas de situación, só a que contempla o anteprojecto; respecto á alegación dos caudais, non se presentou un estudio fehaciente do que ía suceder; respecto á alegación do estudo das condicións de alivio nos pozos de bombeo e na depuradora, non se aclara nada, simplemente fala dun informe de EMPTISA que di que existen alivios de bombeo; polo que se refire ao impacto visual tampouco se di nada, e, por último, respecto ao destino dos lodos se deixa en mans do contratista. Por todo elo, o seu grupo, mentres non se aclaren as súas alegacións vai seguindo mantendo o seu voto en contra. Por outra banda, di que sería necesario realizar un estudio real das necesidades en materia de saneamento do casco urbano, incluír o paso previo da rede extractiva de augas e que se



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

solicítase un estudo de impacto ambiental, que, por certo, aínda non se sabe nada de medio ambiente, pero deberíase incorporar con independencia de que faga falla ou non.

O Sr. Alcalde di que non se pode poñer en tódalas rúas selectivos porque fermenta e en tempadas de calor iso resulta tremendo. O pobo vai crecer moito mais e fai falla poñer unha depuradora, pero o problema é que non todo o mundo estaría de acordo. Matiza que non se trata de impoñer por impoñer, propón que quede o punto enriba da mesa, para esperar un mellor estudio e se esperará a que o PP aporte mellores ideas.

O Sr. Cao lle di ao Sr. Alcalde que o que goberna e ten a responsabilidade de xestión é el, o PP como non tiña información pois a recabaron onde puideron. A aclaración que fixo o Alcalde tamén a fixo a Presidenta de Augas de Galicia, que se está estudando a separación de augas pluviais do 100% das fecais, xa que se está a mirar a posibilidade de facer diques que poidan absorber as augas pluviais, e iso deberíase sopesar porque cada metro cúbico de augas de pluviais eran moitos cartos e iso deberíase estudar no aspecto técnico-económico. O PP o único que fixo foi trasladar os datos que tiñan e a Presidenta comprometeuse a estudalo, e a postura que ten o Alcalde é a que tiña que ter fai tempo, de consensuar entre todos.

O Sr. Alcalde lle recorda a noticia que se recollía no periódico respecto á entrevista que fixo o Sr. Cao.

Toma a palabra o Sr. Basanta para aclarar que cando falaba de separar non se refería a todo o saneamento. Pero o que houbo foi unha falla de previsión cando houbo o crecemento urbanístico porque se está falando desto agora, quizais por non haber negociado o suficiente cos construtores.

Lle contesta o Sr. Alcalde que iso de que o Concello non fixo os deberes non é certo, xa que non había nin un só metro de saneamento en nove parroquias e colocouse en tódalas parroquias, antes vertíase directamente ao mar e a día de hoxe hai trece depuradoras de augas residuais nas parroquias, cambiáronse as tuberías en infinidade de rúas e puxéronse selectivos en moitas. Os políticos non son técnicos, o anteproxecto o fixeron os técnicos, pero el non entende e non pode opinar coma o Sr. Basanta, se os técnicos non o fan ben haberá que mirar outra alternativa, pero razoable.

O Sr. Basanta lle aclara ao Sr. Alcalde que ninguén lle está negando que fixera cousas de saneamento, o que lle di é que hai un problema agora, e vendo o que pasou coa anterior depuradora resulta moi difícil tomar unha decisión, está a ría mais contaminada que antes, segundo os informes.

O Sr. Alcalde lle recorda que antes non podía ir ninguén dende Porto Chico ao Porto Vello, hoxe vai depurado. Se hai unha depuradora para 7.000 veciños e resulta que vai a haber 14.000, pois é necesario colocar outra onde sexa, como o están facendo outros Concellos e non pasa nada.

Insiste o Sr. Basanta que hai informes que sinalan que a problemática actual eran os olores.

Por último o Sr. Alcalde di que o custe político o teñen que asumir todos xuntos, hai que poñerse de acordo e hai que esperar entón a que a Presidenta propoña unha alternativa, así que propón ao resto de Concelleiros que o asunto quede sobe a mesa.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A continuación procédese á votación da proposta, resultando aceptada por unanimidade dos membros presentes.

3.- CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE LOCAL DE 228 M² NA RÚA RECTORAL (CONGOSTRA DO CURA), CEDIDO POR VILA RÍO MIÑO CONSTRUCCIONES.

Pola Secretaria da Corporación se da conta do dictame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno, de data 21 de maio de 2009, en relación á cualificación xurídica dun local cedido por Vila Río Miño.

Non habendo intervencións, procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade dos membros de dereito do Pleno o seguinte acordo:

Aceptar a cesión do local de 228 m² por parte de Vila Río Miño Construcciones situado na Rúa Rectoral, coa cualificación de ben patrimonial.

4.- EXPEDIENTE Nº 11/2009 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2009.

Pola Secretaria da Corporación se da conta do dictame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda, de data 21 de maio de 2009, en relación ao expediente núm. 11 de modificación de créditos do Orzamento Municipal de 2009.

O Sr. Alcalde aclara que hai un erro numérico na partida 432.213 "Urbanismo e arquitectura. Reparación de maquinaria, instalacións" xa que en lugar de 92.783,82 son 70.671,76, polo que o total descende nesa cantidade. A continuación indica que, quizais non se explicou ben na Comisión Informativa, xa que a intención é que as facturas xa pagadas se reintegraran á caixa do Concello para pagar a outros provedores e non podan ter problemas para pagar.

Intervén o portavoz do PP que indica que o seu grupo entende que as modificacións de crédito son faltas de previsión e control polo que respecta ao gasto; non se pode presupostar unhas cantidades nun exercicio e facer modificacións. Eles creen que se debían reducir certos gastos como atención protocolaria nos tempos de crise que se están vivindo. Na relación de facturas hai gastos de publicidade, atencións protocolarias, gastos diversos en cultura, deporte, etc.; tamén si se fai un contrato cunha empresa non se pode permitir que varíe o prezo. Avanza que o seu grupo vai votar en contra, xa que hai facturas incluídas ás que xa se votou en contra.

O Sr. Alcalde lle contesta ao portavoz do PP, recordándolle que cando o seu grupo estivo no goberno foi un desastre e fora de contabilidade deixou cerca de 50 millóns. O que pretende o equipo de goberno é obter diñeiro para pagar a mais xente, que é o que hai que debater no Pleno, se é interesante ou non pagarlle antes aos provedores para que eles paguen antes aos seus traballadores. Ao seu grupo lle parece interesante esta proposta.

O portavoz do BNG explica que a medida está promovida polo estado, pero para pagar facturas pendentes, non as xa pagadas. Sería razoable mirar primeiro si se pode realizar esta operación e despois tomar o acordo; si as medidas están precisamente para pagar as débedas que están pendentes de pago non se pode incluír as facturas que xa están pagadas. Pregunta que a onde van a ir a parar eses cartos que sobran porque as facturas xa estean pagadas.

O Sr. Alcalde lle di que ao resto de facturas polo orde en que estean.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Continúa o Sr. Basanta que non o entende, que incluso poderíase dicir que iso é ilegal; haberíase que asesorar antes legalmente. Lle di ao Sr. Alcalde que de algunha maneira, e para que o entenda todo o mundo, enganando a Zapatero.

O Sr. Alcalde lle replica que o que quere e que se lles pague canto antes aos provedores. Pero propón que se aprobe entón polo importe das facturas que se encontran pendentes de pago.

O Sr. Basanta di que iso sería outra proposta, que a modifique e a volva a traer ao Pleno.

O Sr. Alcalde di que o que se pretendía era adiantar os pagos a mais provedores e mais traballadores, non favorecer a ningún.

Finalizado o debate procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE)
- Votos en contra: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Abstencións: ningún.

Non resultando aprobado o asunto.

5.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 1 DE MAIO AO 25 DE MAIO DE 2009.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións dictadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 1 ao 25 de maio de 2009, quedando enterados os señores asistentes.

B.- MOCIÓNS.

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo vai presentar dúas mocións. Procede a dar lectura a primeira delas, a cal se reproduce literalmente:

“Pola presente e vista a inquietude que presentan varios cidadáns das parroquias de Fazouro, San Acisclo, Sta. Cilla, etc., referido ao estado da estrada LU-151 que comunica a parroquia de San Acisclo con Fazouro, pasando polo barrio de Teixeira, Morgallón e outros, titularidade Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia, instamos a dita Consellería o arreglo integral de dita vía, pois personados in situ e sendo avisados pola cidadanía dita vía presenta un estado lamentable e de inseguridade para a circulación debido a que o firme está moi deteriorado e os vehículos en vez de circular normalmente teñen dificultades polo estado do firme.

Este Concello traballou incansablemente para que dous tramos da Consellería mencionada anteriormente foran realidade, un a estrada Ferreira-Foz está rematada, quedando por facer a obra de servizos afectados, que se encontra avanzado na súa tramitación, a outra obra proposta foi o tramo do Pozo Mouro, que enlaza a estrada dende a Espiñeira á Nacional 634, este proxecto está a piques de comezar, o cal vai dar seguridade aos nosos cidadáns.

A outra reivindicación é esta vía que se encontra nun estado xenérico de vías con actuacións programadas, pero non sabemos en que tempo se vai a realizar, polo que solicitamos: **o arranxo inmediato de dita vía debido a que o tempo pasa e cada vez se ve máis deteriorada, para elo pedimos o voto favorable da Corporación Municipal para dito cometido”.**

Acto seguido se procede á votación da urxencia da moción, resultando aceptada por



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

unanimidade dos membros presentes.

Toma a palabra o portavoz do PP que di que todo o que sexa reparar vías do Concello é bo.

O Sr. Basanta manifesta que o seu grupo tamén está de acordo.

Finalizadas as intervencións procédese á votación do asunto, resultando aprobada por unanimidade a moción presentada.

A continuación, a Sa. Incera da lectura a unha segunda moción do PSOE, que se transcribe literalmente:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Foz quere manifestar o seu total desacordo coa circular envidada o pasado 14 de maio pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, coa que se pretende aumentar o umbral mínimo de alumnos á hora de reagrupar ao alumnado de diferentes cursos, e mesmo de diferentes ciclos nun mesmo grupo, se nun ciclo o alumnado dos dous cursos non é superior a 20 (antes facíase a partir de 16), constituirase unha única unidade; no caso dos ciclos, se o número de alumnos dos distintos ciclos non é superior a 15, tamén se unirán nunha soa unidade.

Esto afectaría a unha decena de colexios na comarca da mariña, e no caso de Foz o CEIP nº 1, considerando que os outros centros de Foz están saturados de alumnos (26 por aula nalgúns casos) e que mesmo este ano se tivo que reunir a comisión de escolarización para repartir o alumnado, o PSdeG-PSOE manifesta o seu mais rotundo rexeitamento as novas instrucións dadas dende Educación, pola súa falta de busca de consenso cos implicados: concellos, sindicatos, mestres, centros educativos e familias. Non teñen en conta o que vai supoñer en perda de calidade do ensino público, en perda de postos de traballo e como esta medida afectaría negativamente a calidade do ensino e o rendemento académico dos nosos nenos e nenas.

SOLICITAMOS ao Concello Pleno o seu apoio na moción presentada”.

Acto seguido se procede á votación da urxencia da moción, resultando aceptada por unanimidade dos membros presentes.

A Sa. Incera explica o que se pretende coa moción.

O portavoz do PP manifesta que o seu grupo non está en contra, pero lle gustaría recabar mais información sobre o tema, polo que se vai abster para que siga o seu curso a moción, xa que con eses datos non poden votar a favor nin en contra.

O portavoz do BNG explica que as políticas do PP no ensino foron de restricción de gasto público e subvencionar aos colexios concertados. O seu grupo vai votar a favor porque parece que a medida vai nesa dirección, de tratar a educación coma se fora un tema económico mais.

Finalizado o debate procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (PSOE e 3 BNG)
- Votos en contra: 4 (PP).
- Abstencións: ningún.

Resultando aprobada a moción presentada.

A continuación o BNG presenta a seguinte moción que se transcribe literalmente:

“O BNG presenta a seguinte moción en pleno para tomar o seguinte

ACORDO



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Que o Concello de Foz inste á Xunta de Galiza para a construción no prazo máis breve posíbel dunha Residencia de Terceira Idade con Centro de Día, como estaba previsto á raíz dos acordos entre a Consellería de Vicepresidencia e o Concello de Foz e dado que os terreos para tal fin xa están a disposición da Xunta.

Que a Residencia teña capacidade para 100 persoas como mínimo e o Centro de Día para 50 como mínimo tal e como estaba programado e comprometido.

Que a súa apertura non se demore máis alá dos 3 anos desde a data actual”.

Acto seguido se procede á votación da urxencia da moción, resultando aceptada por unanimidade dos membros presentes.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que non quería sacar esta moción, pero a vai votar a favor; xa no mes de maio remitiu dous escritos por parte da Alcaldía á superdelegada de Lugo; da lectura aos dous escritos.

O portavoz do PP di que o seu grupo vai votar a favor porque se trata dun tema preocupante para Foz, pero tamén recorda que o PSOE e o BNG tiñan a potestade de incluír no orzamento da Xunta de 2009 unha partida para o centro de día de Foz, e non o fixo, e o PP fixo unha enmenda para que se consignaran 200.000 euros para facer o centro de día de Foz e se votou en contra polo PSOE e o BNG; e sen embargo co cambio de goberno o primeiro que piden é iso.

O Sr. Alcalde lle pide que aclare se a enmenda era para o centro de día ou para a residencia.

O Sr. Cao di que para o centro de día.

O Sr. Alcalde lle aclara que son dúas cousas distintas.

O Sr. Basanta di que a gelescola estaban a disposición da Xunta os terreos e se fixo. O problema da residencia era que non estaban a disposición os terreos, pero agora sí.

O Sr. Cao engade que para consignar a partida non ten nada que ver que estean os terreos a disposición nin a escritura.

Intervén o Sr. Alcalde, que recorda que o Director dixo que o terreo que estaba previsto non valía e houbo que buscar outros.

O Sr. Cao lle recorda ao Sr. Alcalde que ten consignado para facer unha depuradora e non ten os terreos.

Engade o Sr. Alcalde que había un compromiso firme para toda A Mariña.

O Sr. Cao di que iso é parecido ao plan de vivenda, ao que o propio BNG votara en contra; aínda que o Concello non tivera os terreos, tiñan que consignar ese diñeiro para que se puidera facer.

O Sr. Basanta aclara que eles sí que votaran a favor do plan de vivenda nunha zona. Nese punto do que se trata é que as políticas do BNG e do PP son moi diferentes.

Finalizado o debate sométese a moción a votación, resultando aprobado por unanimidade dos membros de dereito do Pleno a moción presentada.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

- ROGOS:

O PP presenta o seguinte rogo:

- Que se repare a carreteira dende Brea a Barrosa, Nois.

O Sr. Alcalde responde que iso xa está mandado.

O BNG presenta os seguintes rogos:

1) Na rúa do cemiterio hai un problema de seguridade viaria porque non hai visibilidade, é unha curva moi pechada e hai obras alí, deberíase sinalizar.

O Sr. Alcalde lle contesta que xa se están tomando medidas.

2) Na subida do Carro, no cruce, hai falla de visibilidade, ademais hai alí coches aparcados.

O Sr. Alcalde lle responde que xa se lle di á Policía.

3) Que se retiren os materiais de obras .

O Sr. Alcalde di que hai sete bandeiras azuis e un galardón, polo que se está mellorando medioambientalmente e a cidadanía ten que darse conta que hai cousas que non poden ser.

- PREGUNTAS:

O BNG realiza a seguinte pregunta:

1) ¿Cando vai estar amañada a Ponte Vella?

O Sr. Alcalde di que xa está a obra licitada e espera que comecen en quince días. Engade que tamén se vai reparar a Ponte de Ferro e tamén se van comprar uns muíños e se está negociando.

O portavoz do BNG pregunta cal é o uso diso.

O Sr. Alcalde lle di que recuperalos, que non caian.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22:05 horas do día 28 de maio de 2009, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vª Bo,
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.